


TEMA 4. - ARTE PRERROMÁNICA: COMENTARIO DE SAN MIGUEL DE CELANOVA

a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: Oratorio de San Miguel de Celanova. Edificio relixioso. Arte prerrománica mozárabe ou arte da repoboación. Século X. Localización: Celanova (Ourense). Erixido nun xardín do mosteiro de Celanova que foi fundado por San Rosendo no ano 936. Material: pedra.

c.- Analiza e comenta a obra: San Miguel de Celanova, a pesar das súas pequenas dimensións, é o máximo expoñente da arquitectura galega do século X. Trátase dunha capeliña dedicada á oración que tamén servía de pequena hospedaría para peregrinos. Ao ser de pequeno tamaño recibe o nome de oratorio.

A **planta** é moi sinxela e organízase en tres corpos cúbicos que producen grandes sensación de compartimentación: a nave [moi pequena], o cruceiro [que é o espazo máis grande da construción] e a ábsida cadrada no exterior e con forma de ferradura no interior [reducísimas]. Carece de fachada principal polo que o acceso ao Oratorio efectúase por unha porta lateral: no seu lintel aparece unha inscrición na que Froila -irmán de San Rosendo e probable promotor da



obra- invita á oración.

No **interior** hai unha tendencia a compartimentar os espazos e predomina a sobriedade: non hai elementos decorativos. O interior é moi escuro [precedente do Románico] porque as ventás son escasas e moi pequenas e porque os muros en pedra son moi grosos e con aspecto macizo: son de perpiaños con tamaños moi dispares. Todos

os elementos son influxos visigodos.



os elementos son influxos visigodos.

Emprégase o arco de ferradura recollido de Al-Andalus que é máis pechado que o visigodo. O Oratorio presenta cubertas curvas: bóveda de canón na nave; no cruceiro e na ábsida utilízanse as cúpulas de cuarteiróns

[influxo da arquitectura hispanomusulmá]; a cúpula do cruceiro apóiase sobre modillóns de rolo [recollidos da Mesquita de Córdoba].

A entrada á ábsida efectúase a través dun arco de ferradura califal que se apoia sobre piares. Recibe o nome de califal porque foi utilizado en Al-Andalus na época califal: está enmarcado polo alfiz e orixinalmente alternaba a policromía nas doelas [branco e vermello]. Móstrase como un arco de triunfo: simboliza o triunfo da Igrexa. O arco da absida lembra o arco de entrada ao mihrab¹ das mesquitas.




O chan está cuberto con mosaicos con decoración vexetal, seguindo modelos musulmáns.

Exteriormente observamos que se trata dunha construción de moi pequeno tamaño e con aspecto austero e pobre. Presenta influxos dou-



tras artes: muros moi grosos con perpiaños desiguais e sensación de compartimentación, que son influxos visigodos; uso de contrafortes por influxo asturiano que



acentúan a verticalidade da construción; modillóns de rolo debaixo dos tellados, recollidos da Mesquita de Córdoba. Os tellados teñen aleiros moi sobresaíntes.

Pola proporción e a harmonía das súas dimensións pódese definir o Oratorio de San Miguel como *“a beleza do diminuto”*.

¹ Pequena capela que se abría no muro da cabeceira das mesquitas indicando a dirección de A Meca.